PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/07/2024 13:23:03
Nº Rexistro: 1608
Data envio: 03/07/2024 13:23:03.658

PARLAMENTO DE GALICIA

Elección dun membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela en representación do Parlamento de Galicia

O 22 de abril de 2024, a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela no que solicita, con motivo do cesamento dun dos membros do Consello Social da referida universidade designado polo Parlamento o 23 de febreiro de 2021, a iniciación dos trámites parlamentarios para proceder a súa substitución (doc. núm. 2283).

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 2 de xullo de 2024.

Vistos os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia aprobados o 17 de setembro de 2013.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Os grupos parlamentarios poderán propoñer un máximo dunha candidata ou candidato.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento, logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2.º) O prazo para formalizar candidaturas remata ás 18:30 horas do 8 de xullo de 2024

3.º) Comunicarlles este acordo aos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª, email=elena.candia.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.07.03 13:21:22 +02'00'

María Elena Candia López
Vicepresidenta primeira

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz de G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-Fl0gUwNlj-1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/07/2024 13:23:03
Nº Rexistro: 1608
Data envio: 03/07/2024 13:23:03.658

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 03/07/2024 13:21:22

CSV: REXISTRO-Fl0gUwNlj-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/